



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 1 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

INFORME SOBRE A CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2018

Ao obxecto de dar cumprimento ao regulamentado nas Regras 49 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, se formou a Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2018.

O informe que se vai a subscribir sobre a Conta Xeral, límitase aos aspectos formais da mesma, xa que a formación da memoria foi desenvolvida desde o servizo de Contabilidade, sendo a competencia da Dirección Superior Contable a formación da Conta.

1.- NORMATIVA REGULADORA

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 208-212 (Conta Xeral): artigos 191-193 (Liquidación de Orzamento)

Regulamento orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (BOE núm. 101, de 27 de abril de 1.990; corrección de erros en BOE núm. 136, de 7 de xuño de 1.990): artigos 89-105 (Liquidación de Orzamentos).

Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, (IMNCL). Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, anexo á IMNCL, modelo normal.

Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

Regulamento Nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio (SEC-2010), relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local coa modificación introducida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, para a modernización do goberno local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Informe Conta Xeral 2018 2



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 2 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

2.- TRAMITACION

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como a Regra 51 da IMNCL, regulan os diferentes prazos de tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade renderá a conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito precepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas, expoñerase ao público por un prazo de 15 días durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados estas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao Órgano Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro, seguindo os procedementos telemáticos e formatos que a normativa vixente teña previsto en canto á transferencia de datos.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 3 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Copia do documento - Concello de Vigo


Expediente 108/143

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 4 de 18

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



**CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL**

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

3.- CONTIDO

A Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo correspondente ó ano 2018, está integrada por:

- A da propia Entidade.
- O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo.

As fundacións que forman parte do perímetro de consolidación aos efectos da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentarias e Sustentabilidade Financeira, non presentan Conta Xeral e tampouco son obxecto de consolidación a estes efectos, todo elo sen prexuízo das obrigas de avaliar conxuntamente aos efectos de cumprimento das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e de endebedamento, análise que se fai na Liquidación do Orzamento e para algunha das regras fiscais, tamén na aprobación do Orzamento.

Delimitación da Conta Xeral.

De conformidade co previsto no artigo 209 do TRLRHL, aprobado polo RDL 2/2004 e Regra 50 da IMNCL, a Conta Xeral da Entidade mostrará a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

Documentación de Réxime Público.

O Concello de Vigo, presenta a súa Conta Xeral co detalle previsto no art. 209.2 do TRLRHL, aprobado polo RDL 2/2004 e Regra 48 da IMNCL modelo normal.



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

Os documentos que integran as contas anuais son os seguintes:

- Balance.
- Conta do resultado Económico-Patrimonial.
- Estado de cambios no Patrimonio Neto.
- Estado de fluxos de efectivo.
- Estado de liquidación do Orzamento.
- Memoria e demais estados complementarios.

Ás contas anuais, achegarase a acta de arqueo, as notas e certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes e a conciliación se fose o caso.

Estes estados conforman unha unidade e deben ser redactados con claridade e amosar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial, e da execución do orzamento de conformidade co Plan de Contas.

Composición da memoria.

A Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, regula a estrutura e contido da memoria, os distintos documentos que a conforman, así como aqueles sobre os que resultase necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciron ao longo do exercicio económico.



Copia do documento - Concello de Vigo


Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 5 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

4.- CONTADANTES

A regulación está contida na Regra 50 da Instrución de Contabilidade. Son contadantes os titulares das entidades e órganos suxeitos á obriga de render contas e, en todo caso:

O Presidente da entidade local para a Entidade Local e o Presidente do O. A. Xerencia Municipal de Urbanismo. Os contadantes son responsables da información contable, e corresponsábelles render as contas nos prazos legalmente previstos. A responsabilidade de presentar a información veraz en que se concreta na rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quenes adoptaron as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas.

Os contadantes deberán remitir as súas contas anuais, coa documentación complementaria á que se refire a regra 45.3 da instrución de Contabilidade á Intervención ou órgano da entidade local que teña atribuída a función de contabilidade nos prazos legalmente previstos. Os estados remitidos son: Balance, Conta do resultado Económico-Patrimonial, Estado de cambios no Patrimonio Neto, Estado de fluxos de efectivo, Estado de liquidación do Orzamento, Memoria e demais estados complementarios.

Documentos que reflecten a situación económico-financeira, patrimonial e de Tesourería, que posibilitan extraer a información necesaria para a toma de decisións no ámbito da xestión.

A remisión da documentación que conforma a Conta Xeral foi remitida en prazo, polo que a súa rendición cumpre cos prazos que regulan os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL.

A documentación que conforma en cada caso o expediente da Conta Xeral, é completa.

Informe Conta Xeral 2018 6



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 6 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

A memoria que se incorpora á Conta Xeral para a Entidade Local e Organismo Autónomo, describe de forma detallada as variacións que se produciron nos estados e contas anuais, os debedores e acredores tanto por operacións orzamentarias como non orzamentarias, na Tesourería, así como todas aquelas variacións que se consideraron relevantes e, por iso, deben ser obxecto dalgún comentario.

En canto á análise das contas que conforman o inmovilizado, contas de debedores, acredores, resultado económico-patrimonial e demais estados anuais, a memoria é explicativa da súa composición e variación.

Tendo en conta o carácter meramente formal deste informe, a memoria no desenvolvemento dos epígrafes que a compoñen e para cada un dos estados, inclúe as notas que explican as variacións, polo que, non se engaden notas adicionais.

O mesmo é aplicable ao apartado primeiro da memoria, onde se incorpora con detalle a organización e actividade, a estrutura política, administrativa, o detalle dos recursos que financian a entidade e a súa composición, xestión indirecta dos servizos, entidades que participa o Concello, etc.

5.- FONTES DE FINANCIACIÓN DO ESTADO DE INGRESOS DA ENTIDADE LOCAL

En canto aos recursos que conforman o estado de ingresos do Orzamento, a entidade nítrese basicamente dos seus impostos, taxas e prezos públicos, así como da cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais, Fondo Complementario de Financiamento e participación nos ingresos da Comunidade Autónoma.

Pola súa transcendencia e peso na estrutura xeral de financiamento da Entidade, a Cesión de Tributos e o Fondo Complementario de Financiamento conforma unha porcentaxe moi relevante dos recursos correntes non financeiros, sendo un financiamento non condicionado, condición que tamén ten a



Copia do documento - Concello de Vigo


Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 7 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018

participación dos municipios nos tributos da Comunidade Autónoma xestionados a través do Fondo de Cooperación Local.
Cesión de tributos, Transferencias e Subvencións correntes doutras Administracións.

Administración do Estado

Concepto	Importe	Compens. L./2008-2009	Ingre. Correntes	Fórmula	% s/l. Correntes
Cesión IRPF (1)	5.448.686,64		5.448.686,64		
Cesión IVE (2)	5.356.021,16		5.356.021,16		
Cesión II.EE (3)	1.644.456,35	-65.194,21	1.579.262,14		
Total Cesión (4) = (1)+(2)+(3)	12.449.164,15	-65.194,21	12.383.969,94	(4) / Ingresos correntes	5,09%
FCF, con/sin compensación (5)	65.821.803,26	-2.654.066,52	63.167.736,74	(5) / Ingresos correntes	25,94%
Total Cesión e FCF (6) = (4)+(5)	78.270.967,41		75.551.706,68	(6) / Ingresos correntes	31,02%
Subvención Transporte (7)	1.295.526,87		1.295.526,87		
Outras subvencións (8)	233.341,44		233.341,44		
Total ingresos Estado (9) = (6)+(7)+(8)	79.799.835,72		77.080.574,99	(9) / R. correntes.N.F	31,65%
Recursos correntes non financeiros			243.559.362,33		





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018

Comunidade Autónoma (Participación Tributos, recurso non condicionado e outros finalistas)

Concepto	Importe	Ingresos Correntes	Fórmula	% sobre I. Correntes
Participación Ingresos (1)	6.469.544,05		(1) / Ingresos correntes	2,66%
Plan concertado e Dependencia (2)	3.024.168,66		(2) / Ingresos correntes	1,24%
CEDRO (3)	1.143.929,20		(3) / Ingresos correntes	0,47%
Programas integrac. igualdade e drogodependencia (4)	184.875,51			
Aula Cemit, Nor.Lingüística (5)	32.727,97			
Programas emprego e Formación (6)	878.017,85			
Outras achegas (7)	59.913,50			
Total resto das achegas (8) = (4)+(5)+(6)+(7)	1.155.534,83			
Total achegas da Xunta de Galicia	** Expression is faulty **	243.559.362,33		4,84%

Os ingresos non finalistas da Comunidade Autónoma supoñen unha porcentaxe moi pequena en relación coa totalidade dos ingresos correntes. O resto das achegas están condicionadas a súa aplicación. Esta condición a teñen os programas de emprego ou os fondos finalistas da Lei de dependencia aplicados ao programa de





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018

Servizo de Axuda no Fogar, as achegas ao cofinanciamento do centro de drogodependencia , os programas de igualdade e os programas de emprego.

Deputación de Pontevedra

As Subvencións correntes da Deputación representaron un 0,38 por 100 dos ingresos correntes liquidados no ano 2018, é un ingreso condicionado, a contía liquidada é a correspondente ao gasto executado.

As achegas da Deputación sempre teñen a condición de finalistas, non existindo ningunha norma que fixe unha participación municipal nos seus ingresos, tendo un papel máis relevante nos Concellos de menos de 20 mil habitantes, sendo as súas competencias as regulamentadas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRIL para a consecución dos fins propios previstos no artigo 31 da mesma norma.

Obxecto do convenio	Importe convenio/ano	Gasto executado/ano	Dereito liquidado/ano
Convenio de promoción turística	233.000,00	233.000,00	233.000,00
Plan de asfaltado, anos 2017-2018	382.896,08	360.512,20	360.512,20
Vigo SEAFEST	50.000,00	155.000,00	50.000,00
Mundial Balonmán, vela Láser e J-70	90.000,00	180.000,00	90.000,00
Marisquiño	181.500,00	400.000,00	181.500,00
Total			915.012,20





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018

Ingresos Tributarios

Sin impostos cedidos pola Administración Central rexistrados no capítulo 1 (IRPF) e capítulo 2 (IVE e II.EE)

Concepto	Importe	Ingresos Correntes	Fórmula	% sobre I. Correntes
Capítulo I, IBI, IBICES, IVTM, IIVTNU e IAE + Cesión (1)	110.306.866,98		(1) / Ingresos correntes	45,29%
Capítulo II, ICIO + cesión (2)	9.096.860,78		(2) / Ingresos correntes	3,74%
Capítulo III, Taxas, P. Públicos, ocupación dominio (3)	42.591.427,98		(3) / Ingresos correntes	17,49%
Total Ingresos Tributarios 4= (1)+(2)+(3)	161.995.155,74		(4) / Ingresos correntes	66,51%
(-) Cesión IRPF (5)	-5.448.686,64			
(-) Cesión IVE (6)	-5.356.021,16			
(-) Cesión II.EE (7)	-1.579.262,14			
Total cesión tributos (8) = (5)+(6)+(7)	-12.383.969,94		(8) / Ingresos correntes	5,09%
Total Ingresos Tributarios Axustados (9) = (4)-(8)	** Expression is faulty **	243.559.362,33	(9) / Ingresos correntes	61,43%

Os ingresos tributarios propios e o capítulos 3, representan un 61,43% dos ingresos correntes.





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

Os ingresos da Administración do estado, representaron un 31,65%

Os da Comunidade Autónoma, un 4,84%

Os da Deputación, un 0,38%

Ingresos da XMU. Polo reintegro do persoal adscrito, transferiu 1.325.512,47 euros, que representa o 0,54% dos ingresos por operacións correntes.

Impostos locais

Concepto	DRN: Importe	Ingr. Correntes	Recadación	Fórmula	% sobre I. Correntes
IBI + BICES (1)	68.606.561,91		63.925.120,27	(1) / DRN. Ingresos correntes	26,25%
IAE (2)	13.904.009,02		13.108.418,49	(2) / DRN. Ingresos correntes	5,71%
IVTM (3)	14.679.697,45		12.534.092,12	(3) / DRN. Ingresos correntes	6,03%
IIVTNU (4)	7.667.911,96		7.532.498,60	(4) / DRN. Ingresos correntes	3,15%
Total impostos Directos (5)= (1)+(2)+(3)+(4)	104.858.180,34	243.559.362,23	97.100.129,48	(5) / DRN. Ingresos correntes	43,05%

No capítulo II, o imposto sobre Construcións Instalacións e Obras, xerou liquidacións netas por unha contía de 2.161.577,48 euros, o que supón un 0,89 por 100 sobre os dereitos liquidados por operacións correntes. Os demais dereitos que conforman este capítulo refírense á cesión do IVE e aos Impostos Especiais que xa están analizados no epígrafe das cesións e transferencias doutras administracións (5.356.021,16 o IVE e 1.579.262,14 de II.EE).





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018


Taxas e outros ingresos

Concepto	DRN: Importe	Recadación	Ingresos Correntes	Fórmula	% sobre I. Correntes
Taxas, prezos públicos e outros ingresos (1)	42.591.427,98	37.556.669,54		(1) / DRN. Ingresos correntes	17,49%
Lixo vivendas e comercial, art. 302 (2)	16.990.392,39	15.407.630,30		(2) / DRN .Ingresos correntes	6,98%
Ocupación Vía Pública, art. 33 (3)	6.703.726,52	6.488.283,19		(3) / DRN .Ingresos correntes	2,75%
Escolas, instalacións Deportivas..., art. 34 (4)	3.406.445,08	3.375.405,91		(4) / DRN. Ingresos correntes	1,40%
Contribucións especiais, art. 35 (5)	1.031.928,74	1.031.928,74		(5)/DRN. Ingresos correntes	0,42%
Sanções ordenanzas tráfico(6)	7.317.767,06	4.548.707,54	243.559.362,23	(6) / DRN. Ingresos correntes	3,01%

Ingresos patrimoniais

Liquidáronse por unha contía de 2.643.510,64 euros, que representan o 1,09 por 100 sobre os dereitos liquidados por operacións correntes. Imputátese a este capítulo os rendementos das contas financeiras, os ingresos de arrendamentos de bens e os canóns dos aparcadoiros, o ingreso do canon da auga a cargo da concesionaria do servizo, dividendos da empresa de servizos mortuorios, etc.





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

Ingresos de capital non financeiros

No capítulo VI, están rexistradas dúas operacións de venda de inmobles: Unha pola parcela de Samil e a outra pola venda do Reitorado, sendo as liquidacións netas neste capítulo por unha contía 8.241.168 euros.

As liquidacións netas correspondentes ao capítulo VII ascenden a 7.757.199,58 euros, das que 4.139.959, corresponden á XMU, pola transferencia de PMS e Plan de infraestruturas, 2.613.557,33 son da Deputación de Pontevedra, sendo a súa finalidade as obras do Estadio de Balaídos e obras de melloras en instalacións deportivas e 1.003.683,25 son recursos FEDER, programa EDUSI.

Ingresos de capital Financeiro

Estas operacións por unha contía de 475.200 euros, correspóndense cos anticipos outorgados ao persoal.

6.- EFICIENCIA.

Información sobre o custe das actividades.

Até as contas anuais correspondentes ao exercicio 2017, as entidades que aplican a Instrución aprobada pola Orde HAP/1781/2013, non estaban obrigadas a incluír a información sobre o custo das actividades e os Indicadores de xestión que conforman as notas 26 e 27 da Memoria.



Copia do documento - Concello de Vigo


Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 14 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente n° 108/143
CONTA XERAL 2018

Coa Conta Xeral do ano 2017, incorporáronse un detalle dos custes e rendementos dos servizos máis relevantes que presta a Entidade.

Neste ano, Conta do ano 2018, incorporanse novos servizos e actividades segundo o desenvolvemento e estrutura que regulan os apartados 26 e 27 da memoria, incorporándose os informes axustados aos devanditos apartados.

En canto aos servizos avaliados neste ano, a memoria fai unha relación, sendo 34 actividades, en algún caso, é o centro de custe.

Son basicamente os que se corresponden coa área de gasto 1, aínda que tendo en conta a ponderación na estrutura de custes que representa dentro da área de gasto 2 os servizos sociais, tamén se incluíría o servizo de benestar social. Na área de gasto 3, o funcionamento dos centros educativos de infantil e primaria, así mesmo, tendo en conta que teñen financiamento por aplicación dun prezo público, dentro da mesma área de gasto 3, incluírase as actividades deportivas suxeitas ao prezo público e as de medio ambiente, por último, pola repercusión orzamentaria, tamén se incluiu o transporte colectivo urbano de viaxeiros.

Os indicadores de xestión que regula o apartado 27 da memoria, permite obter os informes seguintes:

Indicadores de eficacia.

Indicadores de eficiencia.

Indicadores de economía.

Indicadores de medios de produción.

Segundo se fai constar na memoria, o obxectivo é seguir no proceso de desagregación de actividades e conseguir avaliar en termos de custe e rendemento todas aquelas que teñen unha singularidade propia, citándose o servizo do SAF, Teleasistencia e outras prestacións asociadas á Lei de Dependencia, así como algunhas instalacións deportivas.





CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

7.- EFICACIA

O apartado b) do artigo 21.1 do TRLRFL, está a esixir unha memoria demostrativa do grao en que se houberen cumprido os obxectivos programados.

En este sentido, o instrumento que mellor mide a consecución dos obxectivos son os indicadores orzamentarios.

A memoria que se presenta, no seu epígrafe 25.1 e 25.2, reflicte os indicadores patrimoniais, financeiros e orzamentarios, así como unha táboa de indicadores e magnitudes, na que se mide a consecución dos obxectivos en termos porcentuais.

Os indicadores constitúen unha ferramenta para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmo, son instrumentos para avaliar e comparar a xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: Financeiros e Patrimoniais, Orzamentarios de Orzamento Corrente e de pechados, así como os de xestión. Na memoria aparecen separados ambos grupos, dando cumprimento aos requirimentos da Instrución de Contabilidade.

Achégase na memoria un cadro de indicadores distintos dos anteriores, así como as magnitudes mías relevantes de forma comparativa.

8.- PRINCIPIOS CONTABLES (Primeira parte do PXC PAL)

As bases de presentación informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen e a incidencia nas contas anuais que puidesen terse feito, achegando, se fose o caso, a explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 16 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

Como queda acreditado na memoria que se presenta, foron aplicados todos os principios contables, non houbo excepcións ao contido do regulamentado na primeira parte do PXCPAL.

9.- NORMAS DE RECOÑECEMENTO E VALORACION (segunda parte do PXCP)

Teñen como finalidade indicar os criterios tidos en conta no rexistro dos feitos contables, referidos ao inmovilizado, amortizacións, previsións, investimentos financeiros, dereitos e obrigas tanto Orzamentarias como non orzamentarias.

A memoria desenvolve os criterios tidos en conta a aplicar a cada masa.

10.- FISCALIZACION

En relación ao estado de gastos, seguíuse o procedemento de fiscalización previa previsto no art. 214 e ss. do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, ao non facer uso da posibilidade de implantación da fiscalización limitada autorizada e regulada para a Administración Local polos arts. 219.2 e 3 do TRLRFL e art. 13 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril.

En relación ao estado de ingresos, ao amparo do previsto no artigo 219.4 do TRLRFL e artigo 9 do Real Decreto 424/2017, a fiscalización previa dos dereitos substitúese pola inherente toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral Municipal por procedementos de mostraxe.



Copia do documento - Concello de Vigo


Expediente 108/143

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 17 de 18

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 108/143
CONTA XERAL 2018

O réxime de fiscalización aplicable é o regulamentado no Real Decreto Lexislativo 2/2004, Real Decreto 128/2018, Real Decreto 424/2017 e Bases de Execución.

En resumo, a Conta Xeral que se presenta correspondente ao exercicio 2018, da Entidade Local e do seu Organismo Autónomo, formouse tendo en conta os modelos e informes que establece a Terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, suxeitándose tódolos rexistros e feitos contables acontecidos no ano 2018 aos principios de contabilidade e ás normas de valoración que regula a Primeira e Segunda parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local. A memoria e o contido que nela se reflicte, así como os estados que conforman a Conta Xeral do ano 2018, cumpren co previsto no art. 209 do TRLRHL, aprobado polo RDL 2/2004, Regra 44 da IMNCL e primeira parte do PXCP adaptado á Administración Local, representando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento.

A Conta Xeral someterase ás normas de tramitación que regulan os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como as Regras 49 e seguintes da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Polo tanto, son as memorias presentadas en cada caso, as que reflicten os feitos, esta Intervención Xeral, verificou a coherencia formal dos estados contables cos estados orzamentarios, e conclúe que as mesmas axustan o seu contido ás normas que lle son de aplicación, así como aos cumprimentos dos prazos legais en canto á tramitación e remisión aos Órganos de Fiscalización Externos.

LG/

En Vigo á data da sinatura electrónica. O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL: Alberto Escariz Couso

Informe Conta Xeral 2018 18



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 108/143

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 23/05/2019 18:10

Páxina 18 de 18

CSV: 22E4CA-BBAC54-41EB87-6CKRHL-9Z8DHQ-H1